

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2021/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivo: «Pola necesidade de asinar o documento de reversión de parcela da AGASP coa Xunta de Galicia así como para dar cumprimento aos prazos que marca o IDAE para a xustificación da subvención.»
Data	21 de xullo de 2021
Duración	Desde as 21:09 ata as 21:35 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretaria	MARÍA JESUS FERNÁNDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	NON
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	NON



	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes: 0

O **Sr. Alcalde** explica que a urxencia desta convocatoria ven motivada polos prazos que hai que cumprir para a presentación do proxecto "RENOVACIÓN PARCIAL DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO EXTERIOR MUNICIPAL" e que remata o día 30 deste mes, avisando que posteriormente haberá que sometelo novamente ao Pleno para continuar coa tramitación urxente. Outro dos motivos é a urxente necesidade de tramitar a reversión e recepción da parcela da AGASP co fin de albergar alí as pistas de atletismo.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, para dicir que este ritmo acelerado que imos a ter durante estas semanas para a tramitación do expediente de contratación mencionado é froito da falta de planificación do goberno municipal e que impide, en certa maneira, que os grupos da oposición poidan facer o seu traballo de fiscalización, de feito o proxecto de renovación do alumado exterior lles foi trasladado cun día hábil de antelación á convocatoria da Comisión Informativa facendo difícil o seu estudo antes da celebración da sesión; ante o dito quere lembrar que todos os grupos que forman esta corporación representan por igual a todos/as veciños/as e, pola falta de consideración do grupo de goberno aos da oposición, van a votar en contra da urxencia desta convocatoria.



Intervén a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, que, ao igual que o manifestado polo voceiro socialista, entende que non tivo tempo suficiente para consultar e estudar os expedientes que se someten aquí para a súa aprobación; en canto ao proxecto do alumado exterior, non considera que fora tan urxente, sen embargo o da parcela da AGASP si o é, polo tanto e por tratarse de expedientes moi importantes e beneficiosos para o noso concello, vai a votar a favor.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, manifestando a súa coincidencia cos anteriores voceiros no que se refire á posta a disposición dos expedientes que se someten hoxe aquí para a súa aprobación, xa que con tan só un día de antelación antes da celebración da Comisión Informativa no é suficiente para a súa consulta, revisión e estudo co fin de debater e opinar sobre as propostas contidas nos mesmos. Entende que a urxencia sexa por mor dos prazos, pero tamén entende que a tramitación puido ser co tempo suficiente de antelación para evitar andar a correr.

Polo dito, non pode votar a favor da urxencia desta sesión.

O **Sr. Alcalde** está de acordo en que esta non é a forma máis adecuada para a tramitación destes expedientes, non sendo o que normalmente se fai, pero neste caso en concreto (expediente de renovación do alumado) diversos motivos da IDAE o xustifican, porque o prego da redacción do proxecto foi recorrido en tres ocasións, provocando un atraso de máis de catro meses na tramitación e, agora, obríganos a axilizala para cumprir cos prazos e así rematar o proxecto no mes de marzo do ano 2023.

Tamén xustifica a urxencia desta sesión pola premura no expediente de reversión e recepción da parcela da AGASP ante a necesidade da súa aceptación pola Xunta de Galicia e posterior sinatura do Convenio, e así iniciar canto antes o expediente do proxecto para a construción das pistas de atletismo

Finalmente, pide desculpas por estas tramitacións urxentes, aclarando que non ha sido con mala intención, senón que son por causas alleas á nosa administración.

Procédese á votación da urxencia desta sesión plenaria, sendo aprobada polos votos a favor dos grupos do Partido Popular e MOVETE, e en contra dos do Partido Socialista e Mixto (BNG).

Expediente 3246/2021. REVERSIÓN E RECEPCIÓN DE PARCELA EN AGASP.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para dar conta deste asunto concédeselle a palabra ao Concelleiro delegado de Urbanismo, **D. Gonzalo Louzao Dono**, o cal comeza explicando que estamos ante a proposta de aprobación da reversión dos terreos que, no seu día, foron entregados á Xunta de Galicia para a construción da Academia Galega de Seguridade, en concreto unha parcela de 23.000 m² necesaria para a construción de pistas de atletismo tan demandadas polos nosos deportistas, esperando que se sitúen en primeiro nivel entre este tipo de infraestruturas de Galicia; di que, unha vez feita a reversión, o seguinte paso é acadar a titularidade desa parcela e, posteriormente, aprobar o proxecto das nomeadas pistas para optar á convocatoria do Plan REACPON.

Finalmente enumera os acordos que se propoñen adoptar nesta sesión, os cales son:

1º.- Aprobar a reversión, dende a Xunta de Galicia, dos terreos que constan no expediente.



2º.- Aprobar a recepción dos terreos segundo a Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública antes indicada.

3º.- Facultar ao Alcalde para a sinatura da correspondente acta de entrega.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luis López Bueno**, para manifestar que estamos ante un expediente que supón a sinatura dun Convenio o día de mañá para o retorno dun ben que pertencía ao Concello, polo tanto non considera que haxa debate algún, porque, independentemente se leve adiante o proxecto que o motiva, a parcela continuará sendo propiedade municipal.

Con respecto ao proxecto para a construción das pistas de atletismo, quere que conste a súa solicitude do mesmo co maior tempo de antelación e así poder fiscalizalo con detalle, petición que xa fixo ao Concelleiro delegado de Urbanismo contando co seu compromiso de atendela.

Intervén a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar o seu voto a favor por entender que é necesario avanzar na construción das pistas de atletismo, débeda contraída cos nosos veciños e deportistas fai tempo.

Quere deixar constancia que a única pega que pode poñer é que o proxecto non sexa gañador da subvención REACPON, o que causaría un pequeno problema, considerando que o grupo de goberno debería ter un plan B.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para dicir que vai a votar a favor desta proposta porque, aínda que non se execute o proxecto das pistas de atletismo, os terreos volverán a ser propiedade do noso Concello, podéndose aproveitar para outros usos. Ademais di que a construción desta instalación deportiva é necesaria para o noso municipio.

Non habendo máis intervencións procédese á súa votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o acordo plenario de 11 de decembro de 2006 polo que se aprobou a cesión duns terreos á Xunta de Galicia para ser destinados á construción da Academia Galega de Seguridade.

Vista a Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se autoriza a reversión ao Concello da Estrada “dun terreo de 23.020 m2 segundo plano adxunto, con todas as pertenzas e accesións. A totalidade do inmovible no que se inclúe o espazo a reverter conta na actualidade con dúas referencias catastrais: 36017A095002870000KI e 36017A095002870001LO”.

Vista a licenza de parcelación urbanística outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 7 de xuño de 2021.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal de data 15.7.21.

Visto o informe de Secretaría de data 15.07.21.

Vista a proposta do Alcalde de data 15.07.21.

Visto o manifestado polo Sr. López Bueno relativo a que o Goberno municipal xa anunciara no mes de novembro do ano 2019 que a Xunta de Galicia financiaría esta actuación, contrariamente ao dito na actualidade cando di que será sufragado con cargo ao plan ReacPon, o que suporá un custo para o Concello de 500.000 euros, aproximadamente.

Visto o indicado pola Sra. Blanco Casais subliñando a inaprazable necesidade



destas pistas para os atletas estradenses.

Visto o apuntado pola Sra. Camba Castro en similares termos que os sinalados pola Sra. Blanco Casais, aínda que recalcando a necesidade de clarexar o orzamento que soportará esta actuación.

Visto o manifestado polo Sr. Louzao Dono indicando que se procurará a axeitada cofinanciación entre o Concello e a Xunta de Galicia, porque a esta última tamén lle interesa a reversión.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión celebrada o día 19 de xullo de 2021.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:

1º.- Aprobar a reversión, dende a Xunta de Galicia, dos terreos que se describen a continuación:

DESCRICIÓN DA PARCELA SEGREGADA: Segrégase da parcela 287, polo Sur, unha superficie non edificada de 23.020,00 m². LINDA: NORTE: Resto da parcela da AGASP. SUR: Parcelas 167, 166, 165, 164, 162, 170, 173, 174, titularidade do Concello da Estrada e resto de parcela da AGASP. OESTE: Resto da parcela da AGASP e parcelas 167, 166, 165, 164 e 162 do pol. 95 do Catastro.

DESCRICIÓN DO RESTO DA PARCELA MATRIZ 287 TRAS A SEGREGACIÓN: Resto da parcela matriz nº 287 do pol. 95, cunha superficie de 111.488,00 m². LINDA: NORTE: Parcelas catastrais n.º 13, 14, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 190, 191, 192, 193, 194, 195, 196, 197, 198, 199, 200, 201, 202, 81, 284, 283 do pol. 95 e camiño rural. SUR: Parcela segregada e parcelas catastrais nº 8, 133, 138, 139, 140, 141, 167 e 366 do pol. 95. ESTE: Camiño rural, parcelas catastrais nº 284 e 366 do pol. 95, rúa de acceso de titularidade municipal e parcela segregada. OESTE: Parcelas catastrais nº 202, 201, 200, 199, 198, 197, 196, 195, 194, 193, 192, 191, 190, 56, 55, 54, 53, 52, 51, 1165, 50, 49, 48, 14, 13, 12, 11, 8, 133, 141, 167 do pol. 95, parcela segregada e camiños rurais. Sobre a parcela sitúase o complexo constituído pola Academia Galega de Seguridade Pública, o novo edificio do 112 e a piscina climatizada.

DESCRICIÓN DA AGRUPACIÓN DA PARCELA SEGREGADA 287 COA 366 DE TITULARIDADE MUNICIPAL: Parcela 366 do pol. 95, cunha superficie de 68.395,00 m². LINDA: NORTE: Resto da parcela 287 matriz e rúa de acceso de titularidade municipal. SUR: Parcelas catastrais 166, 165, 164, 162, 170, 173, 174, 176, 177, 178, 179, 182 e 188 do pol. 95 e Vía de titularidade municipal. ESTE: Resto da parcela 287 matriz e vía de titularidade municipal. OESTE: Resto da parcela 287 matriz, parcelas catastrais 166, 165, 164, 163, 173, 174, 176, 177, 178, 179 e 188 do pol. 95, e camiño rural. Sobre esta parcela sitúase o Estadio Municipal de Fútbol.

2º.- Aprobar a recepción dos terreos segundo a Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública antes indicada.

3º.- Facultar ao Alcalde para a sinatura da correspondente acta de entrega.

Expediente 2980/2021. APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO "RENOVACIÓN PARCIAL DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO EXTERIOR MUNICIPAL"



Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Para dar conta deste asunto outórgaselle a palabra ao Concelleiro delegado de Urbanismo, **D. Gonzalo Louzao Dono**, quen explica que estamos ante un proxecto moi importante para este concello, non só pola contía económica que supón (8.000.000,00 €, 70% financiado polo IDAE e o 20% por este Concello) senón tamén polo seu fin, é dicir, porque estamos a falar da renovación parcial das instalacións de alumado exterior municipal e que contribuirá coa baixa no consumo de carbono ademais de supoñer un aforro económico importante (entre un 60 e 70 por cento). Di que, xunto coa renovación do alumado no casco urbano no ano 2019, esta nova contratación suporá a renovación total do sistema eléctrico no noso territorio e que tradúcese nunha maior economía e nun maior respecto co medio ambiente.

Finalmente aclara que a proposta que se somete a votación é a aprobación do proxecto de execución para acometer a obra “Renovación parcial das instalacións do alumado exterior municipal”, cun orzamento de execución materia de 8.237.472, 80 €.

Pide a palabra o voceiro do grupo socialista, **D. Luís López Bueno**, para lembrar que na Comisión Informativa transmitira a existencia de varias eivas observadas no proxecto técnico, tales como a falta na relación de parroquias de Santo Tomé, Santa Mariña e Pardemarín; tamén que no proxecto hai referencias a unha renovación parcial e noutras a unha renovación total, por outra banda faise referencia ao Concello de Redondela, etc; considerando que estamos ante un proxecto de gran envergadura e tendo en conta que o equipo redactor cobra ben, deberíase esixir que o proxecto estivese comprobado en ben redactado.

En canto ao fondo, di que acometer este proxecto lle parece ben porque hai que aproveitarse do financiamento que ofrece o IDAE, aínda que reprocha o que se sinala no informe técnico, é dicir, a ausencia de motivación entre a redacción do proxecto e o Plan Xeral de Ordenación, o que, na Comisión, pediuse que se lle dera unha solución e que non se fixo, reiterando que é unha cuestión que debería haberse resolto antes de someter este expediente ao Pleno; por outra banda, as cifras que se manexan sobre o aforro estimado do 60 ou 70 por cento, considera que sobre o papel está moi ben, pero na práctica nunca se produce; o que si é importante e que se reduza a pegada de carbono e que se preste un servizo adecuado no noso rural, avanzando que haberán queixas dos veciños pola capacidade de luminosidade das bombillas led, polo que deberán ter en conta esta advertencia para solucionarlas na medida do posible.

Lanza unha proposta consistente en utilizar aos pedáneos para tramitar a multitude de solicitudes de puntos de luz no rural para que, en execución deste proxecto, se poidan solucionar; sabe que incrementaría o custo do proxecto pero tamén é certo que sería un importe asumible para as arcas municipais e resolveríanse peticións que levan anos acumulándose na Alcaldía.

Finalmente, traslada que o seu grupo votará a favor co desexo que unha vez se acometa este proxecto todas as luminarias funcionen dende o primeiro día .

Intervén a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, para transmitir o voto a favor do seu grupo a esta proposta, por considerar que estamos ante un proxecto moi importante a nivel de aforro enerxético e económico, ademais de avanzar na protección do medio ambiente. En canto ao aforro económico, di que se carecen de datos, así como pide que se lle dean os datos do aforro económico que produce a instalación do novo alumado no casco urbano.



Así mesmo, considera que está moi ben optar aos fondos IDAE para acometer este proxecto, porque dende a administración local non se podería facer pola falta de diñeiro municipal para facer fronte a unha actuación de tal envergadura.

Pide a palabra a voceira do grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, lembrando que as actuacións obxecto do proxecto dan resposta ás necesidades do noso rural; por outra banda, acádase un aforro enerxético e unha redución substancial da pegada medio ambiental, sendo causas que motivan o seu voto a favor.

O **Sr. Alcalde**, dando resposta á solicitude da Sr. Mar Blanco, di que intentarase recopilar a información que pide para facilitarlla nos vindeiros días, aclarando que o aforro afecta máis ao consumo de Kw/hora porque economicamente e debido á suba dos prezos da luz, é difícil cuantificar.

Finalmente, agradece a colaboración dos grupos da oposición e pide desculpas pola celeridade deste procedemento, intentando que non se converta en algo habitual .

Non habendo máis intervencións, procédese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto el proyecto de ejecución firmado en fecha 25.06.21, por los ingenieros industriales, D. Javier Regueira Miguéns y D. Juan Prieto Rodriguez (P.E.C.: 8.237.472,80€), para acometer la obra/construcción/instalación RENOVACIÓN PARCIAL DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO EXTERIOR MUNICIPAL.

Visto el informe técnico-urbanístico, favorable, del Arquitecto T. Municipal, D. Daniel Órrea Corral, de fecha 29/06/21.

Visto el informe de supervisión, favorable, del Arquitecto T. Municipal, D. Daniel Órrea Corral, de fecha 29/06/21.

Visto el informe de replanteo previo, favorable, del Arquitecto T. Municipal, D. Daniel Órrea Corral, de fecha 29/06/21.

Visto el informe jurídico-urbanístico, emitido en fecha 29/06/21 por el T.A.X. - Servicio Jurídico de Urbanismo.

Visto el informe de Secretaría firmado en fecha 12/07/21.

Vista la acreditación de interés público en la acometida de las obras indicadas, motivada en la propuesta del Alcalde en funciones de fecha 13.07.21.

Visto lo manifestado por el Sr. López Bueno relativo a que el mencionado proyecto omite indebidamente determinadas parroquias o que su título no coincide parcialmente con su contenido; errores, que hace falta corregir, con independencia de que debe verificarse el ahorro real que la actuación significará.

Visto lo indicado por la Sra. Blanco Casais referido a que el objeto del proyecto es plausible aunque echa en falta los datos reales de ahorro teniendo en cuenta la experiencia habida en el casco urbano.

Visto lo señalado por la Sra. Camba Castro relativo a que el rural tiene falta de servicios y a que la iluminación del casco urbano debe ser la idónea de acuerdo con los estudios biológicos existentes, en aras de no perturbar a los animales y personas debido al tono e intensidad lumínica (confusión día/noche, desequilibrios cotidianos, etc.).

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión





celebrada o día 19 de xullo de 2021.
E, ao abeiro do debatido nesta sesión,

ACORDAMOS:

Aprobar el proyecto de ejecución firmado en fecha 25.06.21, por los ingenieros industriales, D. Javier Regueira Miguéns y D. Juan Prieto Rodriguez (P.E.C.: 8.237.472,80€), para acometer la obra/construcción/instalación RENOVACIÓN PARCIAL DE LAS INSTALACIONES DE ALUMBRADO EXTERIOR MUNICIPAL.
DOCUMENTO

Levántase a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día do seu comezo.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 4AHP7NPPEEJCZLAEJ4WDDCQZCE | Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8